

De nova, gustábame ir ao lugar no que ronca o mar, o Cabo do Roncudo. Camiñar entre as pedras, escaladas de herba namoradeira, e sentar nunha delas, a máis alta, á beira do faro, mirando o sol de fronte. O bruar do mar nos cantís, os salseiros gabeando polas pedras, o nordés frío e bravo, o chíio das gaivotas, seguen a ser a miña sinfonía favorita. Coma unha rocha máis, amarrada a terra, botaba a voar o maxín mentres as ondas salgadas facían o seu traballo nas rochas, na roupa, no pelo... Doutro lado do mar, pensaba, está América, ese inmenso xardín que cantaba Nino Bravo. Todo un continente agardando, cos brazos abertos. Terra chea de misterios e novidade. E soñaba cunha viaxe chea de aventuras e descubertas. O cabo e o faro facían, irremediabilmente, que o meu espírito apuntara cara fóra.

Agora que xa non son tan nova, prefiro estar na praia do Osmo. Mergullarme amodo no mar, deixar que me envolva. Pasear pola beira e que as ondas me lamban os pés. Notar a auga, xa non tan fría, xa non tan brava,... batendo amodo na area, co seu ir e vir, rompendo en fitas de escumas salgadas. E gústame cheirar o salitre mesturado co arrecendo do piñeirai, os rumorosos que levan e traen aromas da infancia, fogar de Breogán.

- “Cinco minutos” dicíalle á miña nai que esperaba na area, coa toalla aberta, que saíra da auga. Os beizos morados, as mans revellidas, tremendo co frío...

Sinto o frío das ausencias, e abrazo a miña historia.

O vento e o mar constrúen dunas na praia da Arnela desde que ampliaron o peirao. Cambian de rumbo as correntes mariñas e se forman acubillos quentes de area que enchen a praia da miña infancia. Escáloas con traballo, con coidado de non luxar o agasallo que o mar me fai no seu trafego de auga e area. Os meus pés, afundidos ata media perna, semellan andar a buscar raíces entre os cardos e as herbas leiteiras que de nena esmagaba para sacarlles o zume. No alto, noto o vento que se move nun certo andar ingobernable que choca coa miña decisión, co meu corpo ergueito. Son coma unha herba leiteira, que se dobra un chisco para resistir mellor e manterse firme. Dos meus pés saen raíces que medran longas buscando auga doce, buscando o que aínda non hai, cara o fondo, cara o centro.

Houbo un tempo en que eu tiña algo de rocha batida polo mar. Agora son duna, feita de graos de fina area apiada no inverno, cando o mundo dorme, cando ninguén mira... Algo teño tamén de herba ventureira, que medra ao socairo do vento, escoitando o chiar das gaivotas. Estou feita deste ir e vir de areas e vento que parece non ter rumbo, que escala e acumula, de forma xeometricamente calibrada, sentires e saberes, amores e certezas, restablecida a confianza na vida que me envolve. En min vive a muller salvaxe, e pode abrollar en calquera momento: nos pés, nas mans, na ollada, no abaneo do corpo, aproveitando calquera fenda, calquera ferida, calquera cicatriz...

Xa non busco fóra o que me habita. Eu son rocha, mar, vento, salseiro, area, praia, duna...

Non me busquedes fóra, porque estou aquí.